



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o vinte e catro de xuño de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:


6/424 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DUN VEHÍCULO TODOTERREO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposto do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 23 de xuño de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

ANTECEDENTES

- I. Prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración dun vehículo mediante arrendamento para a área de protección da comunidade, redactado polo responsable do servizo don José Cedrón Pérez.
- II. Certificado de existencia de consignación na aplicación 13500.20400 do vixente Orzamento Xeral de 2015 para o importe de 23.232 euros.
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da subministración (mediante arrendamento sen opción de compra ou renting) dun vehículo todoterreo para a Área de Protección da Comunidade do Concello de Lugo, redactado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello.
- IV. Informe proposto do Servizo de Contratación do 6 de abril de 2015 co conforme da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación
- V. Informe da Asesoría Xurídica do 23 de abril
- VI. Informe de Fiscalización da Intervención do 3 de xuño de 2015
- VII. Informe complementario do Xefe do Parque de Bombeiros do 18 de xuño de 2015
- VIII. Informe proposto do Servizo de Contratación do 18 de xuño de 2015 coa conformidade da Excm. Alcaldesa

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración, que segundo o artigo 9 do TRLCSP serían aqueles “que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmobles”.

O obxecto deste contrato é a subministración mediante arrendamento sen opción de compra (renting) dun vehículo todoterreo con destino á Área de Protección da Comunidade do Concello de Lugo.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 115 do TRLCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**. No prego de cláusulas administrativas particulares determináanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP.

Terceira.- En data 18 de xuño de 2015 redáctase informe proposta do Servizo de Contratación e remítese a Actas para a súa inclusión na orde do día da Xunta de Goberno Local prevista para o día 24 de xuño. A día de hoxe advírtese un erro na cláusula décimo primeira no tocante á composición da Mesa xa que na actualidade non existen definidas pola Alcaldía as áreas de goberno municipal nin as concellerías delegadas polo que non pode establecerse nos pregos de cláusulas administrativas a composición da Mesa debendo quedar esta cuestión pendente de concreción unha vez estea definida claramente a organización municipal, momento no cal o órgano de contratación - a Xunta de Goberno Local - deberá pronunciarse novamente sobre a composición da Mesa de Contratación para este contrato.

En consecuencia, propónse a modificación da cláusula décimo primeira dos pregos de cláusulas administrativas que quedará redactada como segue:

“De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por un Presidente que será un membro da Corporación ou un funcionario desta, un mínimo de tres vogais, entre os cales estará o titular da Asesoría Xurídica Municipal, o Interventor e outro vogal máis designado polo órgano de contratación así como o Secretario da Mesa que será un funcionario da Corporación.



A composición da Mesa de contratación decidirase polo órgano de contratación, isto é, a Xunta de Goberno Local. Este acordo de designación dos membros da Mesa publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á sesión que se deba celebrar para a cualificación da documentación no sobre A.”

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Alcaldía, e por unanimidade dos seguintes asistentes: EXCMA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (GMS) e DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE DO CONCELLO DE LUGO.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación de referencia, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DE UN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO


O obxecto deste contrato é a subministración mediante renting (arrendamento sen opción de compra, mantemento e cobertura de riscos) de un vehículo todoterreo de sete prazas e cinco portas para a área de Protección da Comunidade de acordo coas características sinaladas no apartado segundo do prego de prescricións técnicas elaborado polo responsable do servizo don José Cedrón Pérez.

CNAE 2009: 77.1 Aluguer de vehículos de motor

CPV: 34113200-4 Vehículos todoterreo

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Trátase dun contrato de subministración, recollido e regulado nos artigos 9 e 290 e seguintes do TRLCSP e que ten por obxecto a subministración mediante renting



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

(arrendamento sen opción de compra, mantemento e cobertura de riscos) de un vehículo todoterreo de sete prazas e cinco portas para a área de Protección da Comunidade de acordo coas características sinaladas no apartado segundo do prego de prescricións técnicas elaborado polo responsable do servizo don José Cedrón.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

3.1.- O prezo mensual do aluguer é de 800 euros máis o IVE (21%) – 168 euros – resultando un total de 968 euros /mes.

Sobre este prezo mensual os licitadores realizarán as súas ofertas.

3.2.- O valor estimado do contrato tendo en conta a duración inicial e as posibles prórrogas é de 38.400 euros (excluído o IVE).

3.3.- Faise constar a existencia de crédito presupostario na aplicación 13500.20400 do vixente Orzamento municipal de 2015 para un importe de 10.648 euros (RC 6813) comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos Orzamentos 2016 e seguintes.

En virtude do artigo 174 do TRLHL, a autorización ou realización dos gastos relativos á anualidade 2016 subordínase ó crédito que para cada exercicio autorice o respectivo Orzamento

3.4.- De conformidade co artigo 89 do TRLCSP non procederá a revisión de prezos.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE ENTREGA DO VEHÍCULO.

4

CSV: jEioMQHmTNb29ffuIDVw4Q==



SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 4 / 25

DATAS(UTC)

30/06/2015 08:00:11

30/06/2015 08:00:12

A duración do contrato será de DOUS ANOS contados a partir do día seguinte ó da acta de recepción do vehículo que deberán subministrarse no prazo máximo establecido nesta cláusula ou no ofertado polo adxudicatario. Este contrato poderá prorrogarse por períodos máximos anuais ata un total de CATRO ANOS incluídas as prórrogas.

Non obstante o anterior, O Concello de Lugo resérvase ou dereito de renuncia unilateral do arrendamento comunicándoo coa antelación de dous meses.

O prazo de entrega do vehículo ofertado será de **60 días naturais** como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

QUINTA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto** previsto e regulado polos artigos 157 e seguintes do TRLCSP

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SIXTA.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A **solvencia técnica deberá ser** xustificada do seguinte modo:

Experiencia na realización durante os últimos tres anos de contratos de subministración de vehículos (mediante operacións de renting) cuxa suma total acade un importe igual ou superior a 35.000 euros IVE incluído.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizadas, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA.- GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es – zona de servizos -suministros)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, letra B OFERTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e letra C OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir o último día no 24 e 31 de decembro.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSTA TÉCNICA E OFERTA ECONÓMICA.

O **SOBRE A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da extensión das facultades do representante ou apoderado:

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- Declaración responsable do licitador (conforme o modelo do **Anexo II** que figura neste prego) outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da



concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO I deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.


Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODAS AS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída dentro do sobre B ou do sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición

O sobre B – PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

Neste sobre incluírase a documentación que permita a comprobación do cumprimento dos requisitos mínimos do vehículo establecidos no prego de prescricións técnicas así como a documentación comprensiva das prestacións técnicas e de equipamento que superen estes mínimos todo elo ós efectos da valoración da oferta conforme os criterios de valoración avaliábles mediante xuízo de valor que se sinalan na cláusula décimo segunda (12.2)

O sobre “B” non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores nin determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios avaliábles automaticamente. O incumprimento desta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación.

O sobre C – OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE - conterà o modelo que se indica a continuación e ademais

e **exclusivamente** o resto de documentación necesaria para a valoración dos **criterios avaliados automaticamente**.

Don....., maior de idade, con DNI núm. en representación decon enderezo a efectos de notificación en, tendo coñecemento do procedemento convocado polo Excmo. Concello de Lugo para a **CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DE UN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE** fai constar:

- a) Que oferto o seguinte **prezo mensual** para o contrato:
..... euros/ mes máiseuros en concepto de IVE (21%), sendo o prezo total de euros/ mes IVE engadido.
- b) Que me comprometo a subministrar o vehículo nin **prazo de entrega** de días naturais dende a formalización do contrato.
- c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adjudicatario, no seu caso.
- d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.
(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por un Presidente que será un membro da Corporación ou un funcionario desta, un mínimo de tres vogais , entre os cales estará o titular da Asesoría Xurídica Municipal , o Interventor e outro vogal máis designado polo órgano de contratación así como o Secretario da Mesa que será un funcionario da Corporación.

A composición da Mesa de contratación decidírase polo órgano de contratación, Isto é, a Xunta de Goberno Local. Este acordo de designación dos membros da Mesa publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á sesión que se deba celebrar para a cualificación da documentación no sobre A.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B, convocarase ós licitadores a un acto público de lectura do informe de valoración e

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

apertura da documentación incluída nos sobre C, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación. No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de adxudicación do contrato serán os seguintes:

12.1.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

Ata 59 puntos desglosados como segue:

12.1.1. Oferta económica: Ata 50 puntos.

Valorarase neste apartado o prezo ofertado polos licitadores, outorgándose a maior puntuación (50 puntos) á oferta que presente un prezo máis baixo, 0 puntos no caso de que coincida co orzamento base da licitación (968 euros /mes IVE incluído) e as restantes ofertas valoraranse de modo proporcional.

12.1.2 Redución do prazo de entrega : Ata 9 puntos

Outorgarase 0,30 puntos por cada día natural que se reduza o prazo de entrega máximo (60 días naturais), ata un máximo de 9 puntos.

12.2.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR

12.2.1.- Melloras sobre as características técnicas mínimas contidas no prego de prescricións técnicas (ata 30 puntos).

Neste apartado avaliaranse as melloras que se oferten por conta da empresa licitadora sobre as características técnicas mínimas contidas no prego de prescricións técnicas. A puntuación máxima é 30 puntos desglosados:

- Inclusión de medidas de seguridade activa e pasiva: nº airbags, control electrónico de estabilidade, control electrónico de tracción, etc: Ata 12 puntos

- Potencia do motor. Ata 6 puntos

- Equipamento interior, confort: climatizador, asistente para o aparcamento, control de velocidade, fiestras eléctricas traseiras, tomas eléctricas 12 VCC suplementarias, etcétera. Ata 6 puntos

- Equipamento exterior: luces antiniebla dianteiras, varras protección dianteira, etc. Ata 6 puntos

Os que presenten para cada apartado as mellores prestacións técnicas que superen os mínimos esixidos nos pregos de prescricións técnicas obterán a máxima puntuación, os que non oferten melloras obterán 0 puntos e as demais serán valoradas e puntuadas conforme o criterio motivado dun técnico municipal por comparación de ofertas.

12.2.2.- Consumo oficial de combustible (ata 6 puntos)

Outorgaranse 6 puntos ao ofertante que presente os vehículos con menor consumo de combustible por quilómetro. Outorgarase 0 puntos ás que presenten un consumo superior a 8,5 l. por 100 Km, puntuándose as demais ofertas de modo proporcional.

Terase en conta uns índices mínimos:



As empresas licitadoras deberán acreditar o consumo de combustible dos vehículos ofertados, conforme os criterios recollidos no Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO2 dos turismos novos que se poñan a venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, incluíndo a descrición da etiqueta de consumo de combustible segundo o anexo 1.1 do dito real decreto.

12.2.3 . Condicións ambientais, emisións oficiais de CO2 (ata 5 puntos)

Outorganse 5 puntos ao ofertante que presente os vehículos con menor emisión de CO2. Outorgase 0 puntos ás que presenten emisións superiores a 205 g/km. Puntuándose as demais ofertas de modo proporcional

Terase en conta uns índices mínimos:

As empresas licitadoras deberán acreditar as emisións do CO2 dos vehículos ofertados, conforme os criterios recollidos no Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO2 dos turismos novos que se poñan a venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, incluíndo a descrición da etiqueta de emisións do CO2 segundo o anexo 1.1 do dito real decreto.

Para a valoración das propostas conforme criterios avaliábeis mediante xuízo de valor que se relacionan anteriormente, as empresas licitadoras deberán achegar unha memoria descriptiva e explicativa separadamente para cada un dos tres apartados anteriores (12.2.1, 12.2.2 e 12.2.3) de xeito que facilite o estudo da oferta sen prexuízo de presentación, a maiores, de dossiers fotográficos, catálogos , etcétera... que permitan unha maior comprensión da oferta.

Para facilitar a avaliación os licitadores presentarán unha táboa onde por un lado se indiquen as características que son de obrigado cumprimento conforme o prego de prescricións técnicas e por outro lado se indiquen as características que superen os mínimos e que serán obxecto de valoración.


DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

Na notificación así como no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación , constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán acreditar a súa constitución en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. O contrato executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do contrato (funcionario responsable do servizo municipal de bombeiros) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

5.- Os gastos que se deriven dos embalaxes, portes , certificados, etcétera... serán por conta do adxudicatario.

DECIMO SEXTA.- PRAZO E LUGAR DE RECEPCIÓN

O contratista esta obrigado a entregar e poñer a disposición do Excmo.Concello de Lugo o vehículo obxecto deste contrato debidamente asegurados e matriculados no prazo indicado na cláusula cuarta deste prego ou se é o caso o ofertado, nas dependencias municipais da Policía Local e Protección Civil .



O Concello de Lugo poderá modificar o lugar de entrega en razón ás súas necesidades notificando esta circunstancia ó contratista con antelación suficiente.

Aos efectos da entrega o contratista notificará ó responsable do contrato (funcionario do Servizo de Bombeiros ou outro responsable que se comunique) cunha antelación de 48 horas (mediante fax ou correo electrónico) o día e hora de entrega.

Os gastos de entrega e transporte ata os lugares indicados serán por conta do contratista. O Concello de Lugo non será responsable dos vicios ou defectos dos vehículos motivados pola entrega sen previo aviso.

O vehículo será recibido polo responsable municipal do contrato. Se este non se atopa en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción dando as instrucións precisas ó contratista para que amañe os defectos observados ou proceda a unha nova subministración axustada ó contratado no prazo máximo de quince días naturais.

A contratista facilitará, no momento da entrega do vehículo, unha relación da documentación e dos accesorios que leva o vehículo, debendo explicar de modo claro e conciso ao persoal da Área de Protección da Comunidade tódalas particularidades que poida ter.

Se durante a vixencia do contrato o vehículo non fose apto para o seu fin a consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista e exista presunción de que a reparación do vehículo non será abondo para lograr o fin pretendido o Concello de Lugo poderá rexeitar o vehículo quedando exento da obriga de pagamento e tendo, no seu caso, dereito á recuperación do prezo satisfeito.

DECIMO SÉTIMA.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

17.1.- O adxudicatario está obrigado a prestar os seguintes servizos mínimos durante a execución do contrato:

- Subministración do vehículo:

O vehículo entregarase novo, coas características técnicas mínimas descritas no prego de condicións técnicas ou ofertadas polo adxudicatario, estarán matriculados a nome do arrendador, debendo estar en todo momento en perfecto estado de circulación tanto funcional ou técnico como administrativo, de modo que permita a súa normal e legal circulación.

- A quilometraxe dos vehículos a arrendar será ilimitada.

- Impostos e tributos e outros gastos:

Correrán por conta do contratista (arrendador) todos os impostos necesarios para permitir a libre circulación dos vehículos, isto é:

- O imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica.
- O imposto de matriculación.
- O imposto sobre o valor engadido que grava a adquisición dos vehículos.
- Calquera gasto de carácter financeiro ou tributario que puideran derivarse da utilización destes vehículos

- Seguro do vehículo

O vehículo disporá dun seguro que conterà como mínimo as seguintes coberturas:



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

- Responsabilidade civil obrigatoria, co alcance e limitacións que en cada momento estableza a lexislación vixente e adaptada á normativa europea.
- Responsabilidade civil voluntaria máxima.
- Cobertura do seguro e caso de morte ou invalidez do condutor e acompañantes non inferior en total a 60.000 €
- Roubo do vehículo, incendio e rotura de lúas.
- Protección xurídica, defensa e reclamación de danos
- A asistencia en estrada 24 horas con cobertura dende o quilómetro 0 para todo o territorio nacional.

- Servizo de mantemento integral e garantía do vehículo

Correspóndelle ó contratista (arrendador) o mantemento integral do vehículo obxecto do contrato que cubrirá calquera gasto en concepto de repostos e substitución de pezas, man do obra, lubricantes, pneumáticos e calquera outro gasto de mantemento ou reparación, agás o consumo de combustible, que correrá a cargo do arrendatario (Concello de Lugo)

O contratista (arrendador) deberá realizar durante o arrendamento todas as reparacións e revisións que sexan necesarias co fin de conservar o vehículo no estado de servir para uso ao que se destina.

O adxudicatario facilitará ó responsable municipal o calendario de revisións do vehículo no que se especificarán os criterios teóricos de substitución das rodas e de todos aqueles elementos do vehículo que incidan de forma sensible na seguridade do persoal. Se se considera polo órgano de contratación que o estado dos pneumáticos non garante a debida seguridade, antes do establecido no calendario, o arrendador procederá de inmediato a substituílas por outros novos.

Para os efectos de facer posibles ditas revisións ou reparacións, a empresa adxudicataria proporcionará, como mínimo, un número de teléfono, un número de fax e unha dirección de correo electrónico co fin de facilitar a realización destas.

As reparacións e mantemento do vehículo realizaranse en concesionarios oficiais ou en talleres previamente autorizados polo Concello de Lugo.

Calquera dano ou perda, tanto no vehículo como nos equipos instalados nel, mentres esta en poder do arrendador será responsabilidade deste.

- Vehículo de substitución

No caso de sinistro ou roubo, o contratista (arrendador) deberá poñer a disposición da Administración, no prazo máximo de 48 horas a contar desde o momento en que se lle comunique a incidencia, un vehículo de substitución de características iguais ou superiores ao vehículo sinistrado.

Nos casos de avaría ou revisión, a empresa adxudicataria (arrendadora) encargarse de recoller o vehículo obxecto da reparación ou revisión e devolvelo ao seu usuario no mesmo lugar, nun prazo non superior a 48 horas, sendo substituído por outro no caso de non ser revisado ou reparado no prazo indicado.

Este prazo será sempre de 48 horas con independencia de que as avarías se produzan en días laborais ou festivos.

A empresa adxudicataria comprométese a dispoñer en todo momento, como mínimo, dun vehículo das mesmas características co arrendado para os efectos de



poder substituír o vehículo arrendado que non puidera ser reparado ou revisado no prazo de 48 horas sinalado neste prego.

O órgano de contratación, baseándose nos informes técnicos oportunos, poderá esixir do adxudicatario a substitución do vehículo alugado por outro novo cando aquel sufra reiteradas avarías que demanden continuas reparacións.

No caso de que o adxudicatario incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo de reposición dun vehículo, por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou impoñer as penalidades establecidas neste prego de cláusulas administrativas particulares, mediante a dedución nos pagos mensuais correspondentes, previo expediente contradictorio.

17.2.- O Concello asume as seguintes obrigas:

- Aboar mensualmente o prezo do contrato.
- Non ceder, vender, hipotecar ou gravar de calquera maneira o ben arrendado, sendo o Concello de Lugo responsable dos prexuízos que se puideran irrogar ao arrendador polo incumprimento desta obrigación.
- Conservar adecuadamente os elementos do vehículo, tanto os obrigatorios e regulamentarios coma os complementarios que dispoña o vehículo (triángulos de sinalización de avaría, chalecos de visibilidade, caixa primeiros auxilios, extintor, pinzas arranque, navegador GPS, etc.)
- Absterse de realizar ou revisar pola súa conta o vehículo arrendado, salvo caso de forza maior. Deberá sempre dirixirse ao arrendador, informándolle das perdas, danos ou avarías que sufrise o vehículo, para que este o revise, repare ou substitúa, caso de ser necesario.

DÉCIMO OITAVA.- PENALIDADES

O Concello de Lugo poderá impoñer penalidades ó contratista nos seguintes supostos:

a) Por incumprimento do prazo de entrega:

O subministrador seleccionado queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato establecido nestes pregos (60 días naturais) ou no ofertado, se é o caso.

Se chegado o remate do prazo fixado, o subministrador incorrera en demora por causas imputables ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas.

Por cada día de retraso na entrega, por causas imputable ó contratista, impoñerá unha penalidade diaria que consistirá nun 10% do prezo mensual do contrato ofertado IVE incluído. A mesma penalidade aplicarase no caso de retraso na entrega do vehículo de substitución.

b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

Poderanse impoñer así mesmo penalidades polo incumprimento das obrigas mínimas sinaladas na cláusula sétima destes pregos.

Como regra xeral, a contía destas penalidades será un 1% do prezo total ofertado para os dous anos do contrato agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos. As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra factura mensual unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformadas polo responsable do contrato, o concelleiro delegado responsable da área así como pola Concelleira Delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

As facturas serán presentadas no Rexistro Municipal do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a prestación do servizo.

O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico-financieiro do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das condicións técnicas establecidas no prego de prescricións técnicas ou das condicións ofertadas.

Así mesmo poderase resolver o contrato polo incumprimento do prazo de entrega establecido ou ofertado ou polo incumprimento reiterado das obrigas mínimas esixibles ó contratista.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224,225 e 300 do TRLCSP.

Igualmente, o Concello de Lugo resérvase ou dereito de renuncia unilateral do arrendamento comunicándoo coa antelación de dous meses.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a **incautación da garantía definitiva** sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a



interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DE UN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE** declaro baixo a miña **responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

- 1.
- 2.
- 3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DE UN VEHÍCULO TODOTERREO**



CSV: jEioMQHmTNb29ffuIDVw4Q==

SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 19 / 25
DATAS(UTC)
30/06/2015 08:00:11
30/06/2015 08:00:12

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para Isto.

Así mesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

....., de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DE UN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE** declaro baixo a miña responsabilidade:



Que o asinante desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o contrato de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Así mesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

B) PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO MEDIANTE ARRENDAMENTO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

1. OBXECTO DA CONTRATACIÓN

O presente prego ten por obxecto definir as condicións técnicas que rexerán a contratación da subministración de vehículo mediante arrendamento para a **Área de Protección da Comunidade do Concello de Lugo**. No cadro seguinte detallanse o tipo de vehículo e as unidades mínimas



CSV: jEioMQHmTNb29ffuIDVw4Q==

SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 21 / 25
DATAS(UTC)
30/06/2015 08:00:11
30/06/2015 08:00:12

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

Lote único:

Tipo de vehículo	Unidades mínimas
Todoterreo sete prazas e cinco portas	uno

A duración total o contrato será de dous anos (24 meses), a contar dende a data de entrega dá subministración, prorrogable por períodos máximos anuais ata catro anos en total (48 meses). O Concello de Lugo resérvase ou dereito de renuncia unilateral do arrendamento comunicándoo coa antelación de dous meses.

2. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO VEHÍCULO

As características mínimas que deben reunir o vehículo obxecto do presente contrato son as seguintes:

LOTE ÚNICO . Vehículo todoterreo

- Motor: Potencia mínima 120 CV, cilindrada 1800 cc ou superior
- Tracción 4x4, caixa de cambios manual con sistema de marchas redutoras.
- Tipo de combustible: Diesel
- Carrocería: 5 portas e 7 prazas
- Dirección asistida
- Airbag de condutor e pasaxeiro
- ABS con distribución electrónica da freada.
- Aire acondicionado
- Elevalúas eléctrico nas portas dianteiras
- Peche centralizado con mando a distancia
- Radio CD Ou similar
- Cor branco

O adxudicatario dotará a todos os vehículos de:

- Preinstalación de radiocomunicación: antena exterior 5/8 UHF (440-450 MHz) e cableado directo de alimentación 12 V CC (2 x1,5 mm de sección) protexido por fusibles.
- Preinstalación de "maos libres" para telefonía móbil.
- Cámara de visión traseira para estacionamento e manobra con remolque.
- Navegador GPS
- Enganche de "bola"normalizado para arrastre de remolque.
- Cabrestante eléctrico dianteiro, para arrastre de 2.500 Kg e cable de aceiro 30 m. homologado.
- Toma de electricidade para recarga de aparellos 12 V CA dobre (dianteira e traseira)
- Roda de recambio convencional.
- Xogo de lámpadas de recambio.- 2 triángulos de sinalización de avarías homologados.
- 2 Chalecos reflectantes.
- Caixa de primeiros auxilios.


3. OBRIGAS DAS PARTES

22

CSV: jEioMQHmTNb29ffuIDVw4Q==

SINATURAS
 MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
 SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
 MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 22 / 25
DATAS(UTC)
 30/06/2015 08:00:11
 30/06/2015 08:00:12





3.1 Obrigas do arrendador

O adxudicatario comprométese a que O arrendamento cumpra as seguintes condicións:

3.1.1 Subministración do vehículo

O vehículo se entregará novo, coas características técnicas mínimas descritas no apartado 2 deste prego, estarán matriculados a nome do arrendador, debendo estar en todo momento en perfecto estado de circulación tanto funcional ou técnico como administrativo, de modo que permita a súa normal e legal circulación.

A quilometraxe dos vehículos a arrendar será ilimitada.

3.1.2. Impostos

Correrán por conta do adxudicatario (arrendador) todos os impostos necesarios para permitir a libre circulación dos vehículos:

- O imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica.
- O imposto de matriculación.
- O imposto sobre O valor engadido que grava a adquisición dos vehículos.
- Calquera gasto de carácter financeiro ou tributario que puideran derivarse da utilización destes vehículos

3.1.3 Seguro dos vehículos

Todos Os vehículos disporán dun seguro que conterà como mínimo as seguintes coberturas:

- Responsabilidade civil obrigatoria, co alcance e limitacións que en cada momento estableza a lexislación vixente e adaptada á normativa europea.
- Responsabilidade civil voluntaria máxima.
- Cobertura do seguro e caso de morte ou invalidez do condutor e acompañantes non inferior en total a 60.000 €
- Roubo do vehículo, incendio e rotura de lúas.
- Protección xurídica, defensa e reclamación de danos
- A asistencia en estrada 24 horas con cobertura dende o quilómetro 0 para todo o territorio nacional.

3.1.4 Servizo de mantemento e garantía

- Correspóndelle ao adxudicatario (arrendador) o mantemento integral do vehículo obxecto do contrato que cubrirá calquera gasto en concepto de repostos, man de obra, lubricantes, pneumáticos e calquera outro gasto de mantemento ou reparación, agás o consumo de combustible, que correrá a cargo do arrendatario (Concello de Lugo)

O adxudicatario (arrendador) deberá realizar durante o arrendamento todas as reparacións e revisións que sexan necesarias co fin de conservar o automóbil no estado de servir para uso ao que se destina.

O adxudicatario facilitará o calendario de revisións de todos os vehículos no que se especificarán os criterios teóricos de substitución das rodas e de todos aqueles elementos do vehículo que incidan de forma sensible na seguridade do persoal. Si se considera polo órgano de contratación que o estado dos pneumáticos non garante a debida seguridade, antes do establecido no calendario, o arrendador procederá de inmediato a substituílas por outros novos.



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15x300060424

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-6-2015

Para os efectos de facer posibles ditas revisións ou reparacións, a empresa adxudicataria proporcionará, como mínimo, un número de teléfono, un número de fax e unha dirección de correo electrónico co fin de facilitar a realización destas.

As reparacións e mantemento do vehículo realizaranse en concesionarios oficiais ou en talleres previamente autorizados polo Concello de Lugo.

Calquera dano ou perda, tanto no vehículo como nos equipos instalados nel, mentres esta en poder do arrendador será responsabilidade deste.

3.1.5. Vehículo de substitución

No caso de sinistro ou roubo, o adxudicatario (arrendador) deberá poñer a disposición da Administración, no prazo máximo de 48 horas a contar desde o momento en que se lle comunique a incidencia, dun vehículo de substitución de características iguais ou superiores ao vehículo sinistrado.

Nos casos de avaría ou revisión, a empresa adxudicataria (arrendadora) encargarse de recoller o vehículo obxecto da reparación ou revisión e devolvelo ao seu usuario no mesmo lugar, nun prazo non superior a 48 horas, sendo substituído por outro no caso de non ser revisado ou reparado no prazo indicado.

Este prazo será sempre de 48 horas con independencia de que as avarías se produzan en días laborais ou festivos.

A empresa adxudicataria comprométese a dispoñer en todo momento, como mínimo, dun vehículo das mesmas características co arrendado para os efectos de poder substituír o vehículo arrendado que non puidera ser reparado ou revisado no prazo de 48 horas sinalado neste prego.

O órgano de contratación, baseándose nos informes técnicos oportunos, poderá esixir do adxudicatario a substitución do vehículo alugado por outro novo cando aquel sufra reiteradas avarías que demanden continuas reparacións.

- No caso de que o adxudicatario incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo de reposición dun vehículo, por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou impoñer as penalidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares, mediante a dedución nos pagos mensuais correspondentes, previo expediente contradictorio.

3.2 Obrigas do arrendatario

- Aboar o prezo do arrendamento nos termos convidados.

- A Administración non poderá ceder, vender, hipotecar ou gravar de calquera maneira o ben arrendado, sendo a Administración responsable dos prexuízos que se puideran irrogar ao arrendador polo incumprimento desta obrigación.

- Conservar adecuadamente os elementos do vehículo, tanto os obrigatorios e regulamentarios coma os complementarios que dispoña o vehículo (triángulos de sinalización de avaría, chalecos de visibilidade, caixa primeiros auxilios, extintor, pinzas arranque, navegador GPS, etc.)

- Absterse de realizar ou revisar pola súa conta o vehículo arrendado, salvo caso de forza maior. Deberá sempre dirixirse ao arrendador, informándolle das perdas, danos ou avarías que sufrise o vehículo, para que este o revise, repare ou substitúa, caso de ser necesario.



4. PRAZO E ENTREGA DO VEHÍCULO

A empresa adxudicataria (arrendadora) estará obrigada a entregar o vehículo obxecto do arrendamento no lugar e tempo fixados polo Concello de Lugo e de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Cando o adxudicatario, por causas imputables a este, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo de entrega, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

A empresa adxudicataria facilitará, no momento da entrega do vehículo, unha relación da documentación e dos accesorios que leva cada vehículo. Así mesmo, a empresa adxudicataria, no momento da entrega do vehículo, deberá explicar de xeito claro e conciso ao persoal da Área de Protección da Comunidade de todas as particulares que poida ter o vehículo.

5. ORZAMENTO

Lote	Tipo vehículo	nº vehículos	prezo unitario sen IVE	prezo unitario con IVE	Prazo (meses)	Total sen IVE	Total con IVE
ÚNICO	Todo terreo prazas	7 1	800,00 €	968,00 €	24	19.200,00 €	23.232,00 €

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 10.648 euros con cargo á aplicación 13500.20400, comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos orzamentos 2016 e seguintes ata a finalización do contrato. (RC 6813)

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

